

CERTIFICADO

Juan Marquina Fuentes, vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense
CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria realizada o día 29 de maio de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Expediente número 4/2020 de modificación do obxecto da subvención nominativa aprobada no Pleno do 29 de setembro de 2019 e publicada definitivamente no BOP número 251 de 31 de outubro de 2019.

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do obxecto da subvención nominativa de carácter puramente cualitativo, e que non supón incremento do gasto xa previsto no orzamento orixinal de 2020.

Esta variación non cuantitativa afecta ao capítulo VII de gastos, co seguinte contido:

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” da modificación orzamentaria 4/2019 dos orzamentos do 2019, prevíase unha subvención ao **Concello de Esgos** para a execución da obra “pavimentación Lobaces- Quintas” por importe de 40.000,00 euros.

Baseándose na solicitude presentada polo Concello de Esgos de data 18 de febreiro de 2020 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **procede modificar a finalidade** da subvención, que pasa a ser a “Construción dun muro e humanización dos núcleos Lobaces e Quintas”

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Esgos	Construción dun muro e humanización dos núcleos Lobaces e Quintas	40.000,00 €

2ª.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no

Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense na data da sinatura electrónica deste documento.